

O CASTELO DE CASTRO DE OURO EN ALFOZ

Carlos Andrés González Paz
Departamento de Cultura do Concello de Alfoz

A orixe protohistórica do Castro de Ouro aséntase non só en elementos arqueolóxico-documentais como o Tumbo número 1099.B do Arquivo Histórico Nacional donde se cita a existencia dunha croa no lugar, senón tamén en elementos toponímicos. Hoxe en día podemos establecer, cun grado importante de fiabilidade, o feito de que aqueles topónimos onde aparecen nomes como castro, castrellón ou croa pertencen a algún tipo de aloxamento céltico ou paracéltico.

Ó estar asentado no alto da colina-centro do Val do Ouro desenvolveuse, cara abaixo, unha sinxela práctica relixiosa, económica e defensiva que tiña como a súa base a natureza que o circundaba. Autores como Villaamil y Castro e Francisco Calo sitúan ó “populi” dos “Iadoves” como os poboadores primeiros deste castro ó redor dos séculos V-IV a.C., momento éste de apoxeo da cultura castrexa.

As noticias que van dende os derradeiros momentos da cultura dos castros ata principios do século IX obríganos a recurrir a outros instrumentos menos fiables como é a cultura popular exemplificadas nas súas lendas e tradicións. Algunha delas fai referencia á presenza de bandas de musulmáns no lugar ata o momento en que os cristiáns os expulsaron xa no século noveno da nosa era cristiá.

Nunha carta de permuta conservada no Arquivo Histórico Nacional, datada en maio de 1010, dentro do Cartulario 220 do Mosteiro de Vilanova de Lourenzá cítase a fundación por parte dun abade godo, chamado Mamed Vistremiro, dun mosteiro familiar no lugar denominado co nome de “Villa de Santa María de Baconi”. Autores como Mayán Fernández aseguran que se fai referencia á actual vila de Bacoí, no concello de Alfoz, aínda que investigadores como Amor Meilán e Vázquez Seijas, cos que eu persoalmente estou de acordo, entenden que a referencia sería non en sí á vila, senón ó conxunto da súa xurisdicción e territorio pois Bacoí foi a primeira vila da que temos constancia no Val do Ouro. Deste xeito o

castelo estaría no actual lugar de Castro de Ouro pero baixo o antigo control da vila recién nacida e dependente, seguramente, de San Martiño de Mondoñedo.

Unha vez desaparecido o abade Vistremiro, a propiedade do castelo parece ser que pasou a tres sobriños seus: Riziarius, Adrizarius e Gundisaluus, compar-tida cun tal Gutier Eustochia.

Parece ser que a pobreza e a miseria fixeron acto de presenza no seo desta familia o que os obrigou a buscar fortuna noutros lugares. Sabemos que o derradeiro propietario laico, membro desta familia, foi Gutier Gauiniz quen en vida a permitou en favor da sé episcopal de San Martiño de Mondoñedo cando era titular da cátedra mindoniense o bispo Armentario (983-1011).

Xa practicamente dende ese momento as relacións entre a mitra mindonien-se e os habitantes do lugar foron deteriorándose a pasos acelerados. Así xa en tempos do rei Sancho I O Forte, rei de Castela (1066-1072) e de León (1072), as diferencias adquiriron a categoría de “mal feitorías, guerras e omnicios”, que ten-taron solucionarse mediante a concordia establecida entre os representantes de “Ourio” e o bispo Álvaro I Gómez.

As seguintes noticias sobre o castelo do Castro de Ouro aparecen nunha bula do Papa Adriano IV conservada no Arquivo Catedralicio da S. I. C. de Mondoñedo onde se sitúa, baixo protección papal e baixo a propiedade eclesiás-tica da sé mindoniense, o citado edificio. No mesmo documento aparece citado tamén o castelo da Frouseira coa mesma catalogación e situado no “Ourio”.

O 10 de abril de 1220 foille concedido á poboación de Castro de Ouro o título de vila e o foro de Benavente polo rei Alfonso IX de León (1188-1230) cando este se atopaba na vila de Bacoí. Asimesmo esta concesión foi ratificada polo seu neto, o rei Alfonso X, cando este se atopaba en Sevilla. O documento orixinal consérvase actualmente no Arquivo Catedralicio mindoniense con fecha de 26 de setembro de 1293 e recolle tamén a conformidade do bispado de Mondoñedo con esta decisión pois o bispo seguiría controlando unha gran parte da vida pública do novo Alcalde e Concello de Castro de Ouro. Esta medida non foi ben recibida polo concello de Castro de Ouro o que provocou os primeiros enfrontamentos graves. Nese ambiente enrarecido atopamos xestos de boa vontade por parte da mitra mindoniense como son a concesión de certas heredades e celeiros ós veciños de Castro de Ouro que levou a cabo o bispo Martín (1219-1248).

Con todo os acontecementos adquiriron tal gravidade que foi necesaria a intervención real a través da “imposición” dunha Carta de Concordia entre o bispo Juan II Sebastianes e os vecinos de Castro de Ouro, fechada o 7 de febrei-ro de 1254.

Nela alcanzábase o acordo de que, renunciando ámbalas dúas partes ás súas demandas, a mitra mindoniense concederíalle ó Concello de Castro de Ouro a metade de todo o realengo que lle pertencía en todo o “vallis aurio”, é decir, as feligresías de Bacoí, a metade de San Pedro de Mor, San Sebastián de Carballido, San Vicente de Lagoa e a propia vila do Castro de Ouro (exceptuando as heredades do cabildo e canónigos). A cambio o Alcalde e Concello debía comprometerse a aumenta-la poboación ata 300 vecinos antes dun ano e se o conseguían, en proba de boa vontade, pagarían cada ano douscentos soldos en moeda usual. O texto íntegro da Carta de Concordia pódese consultar na Carpeta 1185 do Arquivo Histórico Nacional ou, ben na transcripción feita polo profesor Mayán Fernández.

As contendas continuaron e fíxose necesaria a intervención real. O 24 de agosto de 1307 o rei Fernando IV deu sentenza en Burgos en favor da mitra mindoniense nos seus pleitos sobre xurisdicción e señorío. Dita sentenza foi confirmada por privilexio rodado otorgado polo mesmo rei nas Cortes de Valladolid de primeiro de abril de 1308. Actuaban como testemuñas a raíña dona Constanza e a súa filla dona Leonor.

Os enfrontamentos, lonxe de calmarse, seguiron ata ben entrado o século XIV cando atopamos unha sentenza de excomuniión, despois perdonada, contra os veciños de Castro de Ouro asinada polo bispo Alfonso Sánchez (1348). Tamén aparece unha multa imposta ós veciños de Carballido e outras feligresías polo adelantado maior de Galicia, Andrés Sánchez, por ter derrubado parte das murallas do castelo no 1356. Con todo os veciños do Castro de Ouro conseguiron no século XV poder elixir dentro da fortaleza e torre ó seu alcalde e xustiza.

As noticias lévannos necesariamente a falar, aínda que só sexa someramente da persoa do mariscal Pardo de Cela.

Verdadeiro heroe local e principal figura da historia do século XV non só na diócese mindoniense senón tamén da historia do medievo galego.

O mariscal Pedro Pardo de Cela foi o segundo fillo de Juan Núñez Pardo, o Vello, señor da Torre de Cela, do castelo de A Frouseira, da casa solar dos Pardo en Miraflores, do lugar de Maía e comendeiro do obispado de Mondoñedo, e de dona Violante (ou Teresa) Rodríguez de Aguiar. Ó morre-lo seu irmán, Juan Núñez Pardo, o Mozo, casado con Constanza Vázquez Insua, irmá da muller do mariscal Suero Gómez de Sotomayor, quedou como señor das casas de Aguiar, Bolaño, Ribadeneira e Saavedra.

Convertido así en importante cabaleiro, casou no 1441 con Isabel de Castro Osorio, filla do segundo matrimonio de Pedro Álvarez Osorio, primeiro conde hereditario de Lemos, e de Beatriz de Castro y Castilla, señora de Sumariego.

Dita Isabel de Castro, despois de enviuar de Galaor Mosquera, vivía co seu tío o bispo de Mondoñedo, Pedro Enríquez de Castro que a dotou con moitísimas propiedades, heredades e beneficios propios da mitra mindoniense como a fortaleza da Frouseira, a de Cendemil no Valadouro, a de Vilaxoán, a de Castromor, a de Barreira, a de Penadreda, castelo este último que foi solar antigo dos Aguiar e de quen tomou o mariscal a súa heráldica, así ata chegar a controla-la totalidade do territorio comprendido entre Mondoñedo e Viveiro do que foi nomeado rexidor por designación real en 1466, así como xusticia e comendeiro do obispado de Mondoñedo aínda que tendo en contra ós titulares de dita catedral. En palabras de Vasco de Aponte o mariscal “comía todo el obispado de Mondoñedo”.

Parece tamén bastante certa a súa participación na segunda Guerra Irmandiña en favor da causa nobiliar. Pódese dicir que a Irmandade tiña un estudado plan político levado a cabo polo rei Enrique IV. Este quixo evita-lo xa perigoso poderío señorial da nobreza, e sustentándose na liberación do sufrido pobo e na implantación da xustiza e na orde, promove a revolta para quebranta-lo poderío dos señores galegos e, ademais, para impedir que estes axudaran ás turbulencias nobiliarias de Castela e procura-lo mantemento da Coroa.

Pero a Revolta Irmandiña non tivo un líder á súa medida. Os únicos que sabían a arte da guerra eran os señores, e destes só Alfonso de Lanzós compartía as esixencias irmandiñas. Con todo conseguiron facer dano nas propiedades nobiliarias así ó Mariscal supúxolle a perda da fortaleza da Frouseira que foi derrubada polos seguidores deste alzamento tan xenuinamente galego. Posteriormente foi reconstruída e volta a destruír, en palabras de Enrique Cal Pardo : “por non dispoñer do permiso real para ser reconstruída despois do alzamento irmandiño”. O bando señorial formou un só exército co que venceu ós Irmandiños e levantaou as fortalezas derrubadas. O Conde de Lemos e o mariscal Pedro Pardo de Cela foron os encargados de reconquista-las terras de Lugo. Unha vez sometido o levantamento irmandiño, os señores alinéanse en bandos e volven ás súas antigas loitas, atropellos e inxustizas.

Un acontecemento moi importante para a vida do mariscal ocorreu lonxe das súas terras. Trátase da pugna entre os dous fillos, de dous matrimonios sucesivos, de Lope de Sánchez de Ulloa por unha heredade. Do bando do conde de Altamira situáronse os Sotomayor, Lantafío e Andrade, que eran a nobreza periférica; e polo outro bando, polo bando do conde de Monterrey situáronse o Arcebispo de Compostela e o Mariscal Pardo de Cela. Esta división vai durar ata outro acontecemento que vai marcar unha etapa importante da nosa historia: o ¹⁵²¹enfrentamento sucesorio entre Isabel de Castela e Xoana a Beltranexa.

Unha vez enterados da morte do rei, Alonso II de Fonseca sitúa á cidade compostelana no bando da aspirante Isabel e enfrentarase co bando afín a Xoana repre-

sentado polos Sotomayor. O enfrontamento entre os dous bandos foi inevitable e así temos ó conde de Monterrey, ó Conde de Lemos e ó Mariscal Pedro Pardo de Cela; e o resultado foi a victoria da que sería coñecida como Isabel a Católica.

Como recompensa o mariscal recibiu novas propiedades e dereitos así como a confirmación do xuramento de heredade, para costear vinte lanzas por corenta mil maravedís que dez anos antes lle concedera o rei Enrique IV “acatando los muchos e buenos e leales servicios que Pedro Pardo de Cela, mi vasallo, me ha fecho e faze cada día.”

Logo empeza a labor dos Reis Católicos en Galicia, que van implantar unha enérxica autoridade representada polo gobernador Hernando de Acuña e o correxidor García López de Chinchilla, chegados a Galicia con 300 lanzas para poñer orde nunha situación así descrita nunha real cédula datada o 3 de agosto de 1480 e dada en Toledo segundo a cal : “por cuanto somos ciertos e certificados que en el nuestro reino de Galicia en los tiempos pasados se han hecho e cometido muchos males, é muertos, é fuerzas, é robos, é alborotos, é escandalos, é levantamientos de pueblos, é tomas de nuestras rentas é pechos é derechos, é otros danos y excesos; y aun que cada día se face e cometen algunas cosas destas.”

A primeira esixencia do novo Xustiza Maior do Reino de Galicia tivo como obxectivo a entrega por parte do arcebispo de Compostela da catedral e dos seus recintos amurallados. Ante a súa negativa primeira, o Gobernador solicitou axuda ós nobres galegos, acudindo incluso aqueles como os Sotomayor que defenderan a causa de Xoana. O mariscal Pardo de Cela non acudiu a esta chamada e isto supúxolle a enemistade real.

Ainda cando a propia raíña lle otorgara a súa protección persoal nunha carta datada en abril de 1480, reuníronse os comisionados rexio, en Santiago e abriron proceso contra Pedro Pardo de Cela que rematou nunha sentenza condenatoria que recollía como penas a confiscación dos seus bens e a morte a garrote.

Despois de tres anos de enfrontamentos atopamos ó Mariscal resistindo o asedio das tropas de Castela, que estaban ó mando do capitán francés Mudarra, na fortaleza de A Frouseira. Esta foi conquistada, ou entregada con condicións polo propio Pardo de Cela segundo opina o profesor Mayán Fernández, e o Mariscal pechouse no Castelo do Castro de Ouro, que segundo dí López Ferreiro non lle pertencía ó mariscal pero aproveitando a pouca forza dos seus propietarios, adueñouse del.

Ainda hoxe non sabemos por qué o gobernador Acuña se decidiu a marchar dende Sarria con cen lanzas e vinte peóns sobre o castelo do Castro de Ouro pero o resultado e ben coñecido por todos, a captura do Mariscal o 7 de decembro de 1483 e o cumprimento da fatal sentenza o 17 do mesmo mes, tan só dez días despois de ser capturado.

Ainda que Vasco de Aponte na súa “Relazón da Carta Executoria” sitúa a súa morte por decapitación, Fernando Herbella de Puga na súa obra “Práctica y estilos de la Real Audiencia de Galicia”, capítulo 4, número 8, recolle a morte do Mariscal “a garrote” tal e como se recollera na sentecia da causa aberta contra él no ano 1480.

Dende aquel momento a lenda e a controversia histórica rodearon a figura do Mariscal Pardo de Cela.

O castelo foi ordeado derrubar polos delegados rexios, Acuña e Chinchilla, segundo consta nunha declaración de Ruy Méndez, vecino de Betanzos e así tamén o recolle Couselo Bouzas no seu artigo “La Guerra Hermandina” (1905).

Ainda que grandes foron os destrozos nas dúas murallas do castelo e, incluso, na torre do homenaxe; a mitra mindoniense recuperouno e no 1550 xa era “Cámara del Obispo” e alí residiron e morreron bispos da talla de Fr. Antonio Luján.

Tamén estaba alí a cárcere máis forte pero en auto dictado pola Real Audiencia da Coruña o 17 de marzo de 1603, dispúxose que no prazo de catro meses se terraplenasen e cegasen as mazmorras que tiña por debaixo da terra e que o obispado de Mondoñedo utilizaba como prisión dos seus vasalos. Para que se cumprise esta orde, o Gobernador e Capitán Xeneral do Reino de Galicia, Luis Carrillo de Toledo, ordenoulle a Juan de Bustamante, Alabardeiro da Real Audiencia que levase a cabo a inspección das obras.

Segundo aparece recollido por Martínez Cobo, no ano 1687 “Juan Díaz Valmayor e a súa dona Bárbara López, veciños do lugar de Bao, otorgaron testamento diante do escribán Antonio López de Freijido, de A Laxe, instituindo os seus herdeiros , e feito partixa dos bens daqueles tocoulle á súa filla Antonia, casada con Gonzalo de Somoza, escribán de Mondoñedo, la tercera parte del Castillo de Castro de Oro”. Das súas pretensións nunca nada máis se soubo. O tempo foi pasando, os seus muros fóronse desmoronando e polo custoso do seu mantemento e porque perdera os seus usos principais, o obispado de Mondoñedo abandonouno á súa sorte e así estivo ata principios deste século.

Así permaneceu ata que o Concello de Alfoz de Castro de Oro, así denominado por Real Orden de 21 de marzo de 1887, decidiu arranxalo e convertilo na nova sé da casa consistorial, sita ata entón no lugar da Torre, na feligresía de San Pedro de Mor. O proxecto de recuperación encargóuselle o arquitecto provincial Nemesio Cobreros, e as obras tiveron que sair tres veces a pública subasta ata que, na última delas, decidiuse concederlle a obra a José García Cayón, veciño de Mondoñedo. A data exacta é a de 02 xaneiro de 1907 e o montante total foi de

sete mil setecentas cincuenta pesetas. Aínda que faría falla posteriormente aportar algunha cantidade máis de diñeiro, parece ser que se cumpriu co pactado na escritura de contrato de obras entre ámbalas dúas partes. O proxecto inicial contemplaba a construción das dependencias administrativas do concello así como o local do xulgado de paz e unha escola de nenos.

As obras pasaron por distintos avatares e infortunios dos que cabe destacar un atentado anarquista con catro bombas de dinamita que ocorreu a noite do catro de marzo de 1907. Isto provocou algún dano e retraso na obra que se viu subsanado cunha indemnización de dez pesetas ó constructor e cunha parella da Garda Civil de contínuo garda namentres as obras continuaron, enviada polo Gobernador Civil da provincial. É importante sinalar que as obras avanzaron rápidamente polo feito de que se impuxo unha prestación persoal ós veciños do lugar, consistente na aportación do propio traballo, de material constructivo ou na aportación de capital para a axuda de pago da manutención e pensión dos traballadores así como para a compra de material no exterior do Val. Os veciños contentos coa reconstrución do castelo parece ser que non puxeron ningún tipo de impedimento formal.

Aínda que as obras sufriron unha demora de catro meses sobre a estimación de tempo feita “a priori”, a nova Casa do Concello foi inaugurada polo alcalde Antonio Fraga Díaz que ademais incou expediente perante a Diputación Provincial para conseguir trasladar-la capitalidade dende Mor ata San Salvador de Castro de Ouro. E alí estivo ata o ano 1991 cando por necesidades evidentes de novas infraestructuras se trasladou a Casa Consistorial e a capitalidade á lugar de A Seara, na parroquia de San Pedro de Mor.

Pero falar do Castelo de Castro de Ouro é falar non só da súa torre de homenaxe que hoxe conservamos, senón tamén falar dun impresionante conxunto defensivo que constaba de dúas murallas e un foxo parcialmente, conservados hoxe en día ámbolos dous elementos.

Estaba dotado o conxunto cunha primeira muralla que separaba a torre da homenaxe do pobo medieval. Contaba cunha altura superior ós catro metros e dispuña de varias saeteras, en forma de cruz invertida, dende onde se realizaba a vixilancia do único camiño que daba acceso ó núcleo principal do conxunto. A él accedíase a través dun paso abovedado, formado por un arco de medio punto peraltado que acollía no seu interior unha pintura mural de finais do século XV que representaba á Inmaculada Concepción.

A segunda muralla e o foxo rodeaban o que era entón o pobo de Castro de Ouro e do que conservamos algunha construción, sobre todo un conxunto de casas que mostran ó visitante atento o escudo dos Álvarez de Asturias.

Neste caso a toponimia pódenos axudar bastante a descubri-lo que a acción das piquetas nos privou. Así no interior desa muralla aparecen os lugares do Castro propiamente dito; o da Fonte que aínda hoxe é o único manatíal natural que suministra auga por aquela zona; o da Garita, nome que aínda hoxe conserva esas connotacións de vocabulario castrense; o de Tahona, término procedente, ó igual que o nome do noso concello, de árabe (tahuna) e que designaba os muíños de fariña movidos por monturas; o de Pumariño, lugar onde se busca-la “puma” ou “poma” para encende-lo lume e por último, o de Costoria, que deriva da expresión latina “custodiam oiram”, é dicir, o lugar da custodia, ben podendo aludir ou a unha torre ou a unha porta da muralla exterior.

Asimesmo temos que facer referencia á Igrexa de San Salvador do Castro de Ouro. Foi construída a finais do século XIV por orde do bispo de Mondoñedo. Trátase dun templo de transición entre o románico e o gótico aínda que actualmente moi modificado. Destaca no seu interior unha pintura mural colocada detrais do altar. Datada na mesma época de construción do templo, representa unha “pietá”, Cristo inerte sobre o colo dunha María entronizada rodeada por San Xoán e María Madalena.

Por último darei conta dun cantar, ata o de agora inédito, que ben puido formar parte do famoso cantar do Mariscal escrito xa, en tempos da súa execución en Mondoñedo e que se conservaba nun arquivo particular no Concello de Alfoz. O texto dí así:

“Na Frouseira coas súas penas,
 Álzase o castelo feudal,
As súas murallas soportaron o peso da inxusticia
 E así a certa Galicia
 Lanza un canto funeral.
Galicia no Castro de Ouro,
 ¿onde van os teus defensores?
¿que fixeche deses señores loitando polo honor?
 ¿quen das túas almeas
Puido quitar o pendón guerreiro
 E facer que ese gran cabaleiro
 Morrese como un traidor? .
 i Aí de mi i
 Galicia chorando vela,
 Sombra de Pardo de Cela,
 ¿que é de ti? .
 Ouro acharon os romanos
Onde o Castro hoxe ten almenas
 Do río de Ouro, nas arenas.”

ANEXO

No mes de agosto do ano 1379 asistiu o bispo mindoniense Francisco ás Cortes que o rei Juan II convocou na cidade de Burgos. Estando alí recibiu unha carta que proviña do propio rei e que ía dirixida a él, ó deán e cabildo da igrexa mindoniense, na que lles confirma os “ fueros y buenos usos u buenas costumbres” dos que disfrutaron nos tempos dos seus antecesores, en especial en virtude das mercedes enriqueñas. O 20 do mesmo mes de agosto o referido monarca expediu un novo documento para o bispo Francisco, no que trascribe e confirma, en toda a súa integridade, o privilexio otorgado ós bispos de Mondoñedo polo rei Fernando IV no 1305, polo que se lles concedía a metade dos servicios, pechos e moedas que debían pagar á coroa nos cotos e xurisdiccións da igrexa.

O 20 de decembro do ano 1380, o repetido monarca, dende Medina del Campo, tralas cortes celebradas en Soria, prohibiulle ó seu curmán, o conde Pedro Enríquez de Castro, pertigueiro maior de Santiago, exercer calquera clase de encomenda sobre as terras do bispado e da igrexa de Mondoñedo, ordenando a devolución de cantas terras e bens que, baixo pretexto de encomenda, eles foran ocupando. O pertigueiro de Santiago, unha vez que tivo na súa man unha transcripción da carta do rei, estendeu escrito acatando, tanto él como o comendeiro Juan Nuñez (pai do Mariscal Pardo de Cela), as disposicións rexias. Pero o asunto da encomenda non rematou aquí.

O 12 de novembro do 1386, o bispo Francisco firmou un decreto polo cal, previa consulta co deán e cabildo, ordeou que todo aquel que arrebatase bens, tanto mobles como raíces, viño, pan, panos ou outras cousas, propias do mesmo ou do deán, canónigos, racioneiros, clérigos ou servidores da catedral de Mondoñedo, contra a súa vontade, tanto o executor como o que mandara executalo, caese en excomunión, da que non podería ser absolto ata que devolvese o usurpado. No caso de levar terras ou disfrutar de préstamos ou oficios de dito templo, perderíanos “ipso facto”.

Dando un pequeno salto temporal atopámonos na época do matrimonio do Mariscal Pardo de Cela con Isabel de Castro e Castela. Nesta época o titular da encomenda do bispado de Mondoñedo está en mans do conde Pedro Álvarez Osorio, sogro do Mariscal, e a mitra mindoniense deténtaa Pedro Enríquez de Castro, tío da muller do Mariscal. Como agasallo de voda o Mariscal convírtese no representante do conde nas terras mindonienses aínda que xa no 1464 se titula a sí mesmo como xustiza e comendeiro do bispado de Mondoñedo.

Sendo xa comendeiro, e en momento aínda indeterminado, ordeu atacar os bens que o Bachelor Gonzalo García, racioneiro da igrexa mindoniense, tiña na

parroquia de Santa Baia de Budián. Dito bacheler sufríu a perda dunha casa, dunha viña e de distintos bens materiais.

Desta situación, e en virtude do decreto do bispo Francisco, derivouse “*ipso iure*” a excomuni3n do Mariscal e a perda autom3tica de t3dolos bens que tivera en virtude da encomenda. Parece ser que a condea non se fixo efectiva quiz3s pola ca3da en esquecemento da obra xur3dica deste bispo do s3culo XIV. Pero Pardo de Cela parece ser que se deu conta do seu erro e tentou arranzalo deixando no seu testamento dous mil maraved3s para o citado racioneiro a3nda que os familiares do Mariscal non fixeron efectiva esta 3ltima vontade. As3 non puido devolver-lo usurpado e a pena de excomuni3n continuaba vixente cando foi executado na Praza Maior de Mondo3edo.

As3 podemos concluir que o Mariscal morreu f3ra do seo da Santa Igrexa e non como bo cristi3n, segundo defenden outros autores.